

RESOLUCIÓN DE ADECUACIÓN DAS CONTAS CONTABLES DE INVENTARIO AOS CRITERIOS DAS RESOLUCIÓNS DO 17/7/2017 E DO 3/1/2018

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades establece que as universidades terán autonomía para a administración dos seus bens. O artigo 109 dos Estatutos da UDC dispón que constitúe o patrimonio da Universidade o conxunto dos seus bens, dereitos e deberes. A UDC asume a titularidade dos bens estatais de dominio público que estean afectos ao cumprimento das súas funcións e a daqueles bens que no futuro lle foren destinados polo Estado e a comunidade autónoma de Galicia para o cumprimento das súas funcións. Incorpóranse ao patrimonio da Universidade as doazóns e o material inventariable e bibliográfico adquirido con cargo a fondos de investigación, excepto aquel que por convenio deba adscribirse a outras entidades.

A Universidade manterá actualizado o inventario do seu patrimonio, baixo a responsabilidade do xerente.

Unha vez publicadas a Resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade do 17/7/2017, pola que se define a clasificación económica dos gastos dos capítulos II ao VI da UDC e se establecen os criterios que se seguirán para a súa imputación e a Resolución do 3/1/2018, pola que se establecen as equivalencias de aplicacións orzamentarias ao orzamento de 2018, os novos conceptos económicos e a codificación do financiamento alleo finalista, faise necesario adecuar aos novos criterios algunhas das contas contables do inventario da UDC.

En vista do que antecede e conforme as atribucións recollidas no artigo 3 da RR do 12 de xaneiro de 2016, na que se establecen as competencias da Xerencia,

RESOLVO:

1. Que as contas e subcontas contables (PXCP 2010. Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril) son as que se recollen no Anexo I.
2. Que a asociación entre as contas e subcontas contables e os subconceptos económicos creados en aplicación das resolucións do 17/7/2017 e do 3/1/2018 se detalla no Anexo II.
3. Actualizar o apartado 2.1 - Material inventariable da Instrución do 3/2006, Instrucións para a xestión do inventario. Anexo III.
4. Capítulo VI do orzamento de gastos “Investimentos reais”
 - **Económica 610.00** - Investimentos en terreos
 - Imputaranse as melloras en soares e terreos da UDC. Conta contable 210 – Terreos e bens naturais.

Código Seguro De Verificación	eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2018 10:23:27
Observacións		Páxina	1/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==		



Con cargo ás económicas do artigo 62 “Investimento asociado ao funcionamento operativo dos servizos”, financiaranse exclusivamente os proxectos de investimento novo.

- **Económica 622.00** - Edificios e outras construcións
 - Construción de novos edificios, obra nova.
 - As grandes reparacións, que afecten a elementos estruturais do edificio, supoñan un incremento da produtividade, o rendemento, a eficiencia ou alongamento da vida útil.
 - Imputaranse ao capítulo VI e a conta contable de inventario 2.1.1”Construcións”
- **Económica 630** - Investimento *de reposición* asociado ao funcionamento operativo dos servizos

Con cargo ás económicas do artigo 63 “Investimento *de reposición* asociado ao funcionamento operativo dos servizos”, imputaranse os proxectos de investimento reposición, nos termos recollidos na Resolución do 17/7/2017.

Exceptúanse do criterio de imputación establecido para as económicas 622 e 630:

- Os gastos en instalacións, que se imputarán á económica 623.
- Os gastos de reparación, mantemento e conservación de edificios en xeral, calquera que for o seu destino. Abranguen gastos de reparacións de albanelaría, pintura, carpintería e cristalaría, así como os gastos correspondentes aos materiais empregados nas referidas reparacións, que se imputarán ao **subconcepto 212.00**

No caso da imputación de expedientes de gasto as económicas 622 e 632, o Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos, poderá determinar o criterio que corresponda aplicar para cada caso.

5. Financiamento finalista

A imputación dos expedientes de gasto financiados con achegas externas adecuarase ás condicións que estableza a normativa reguladora. En caso de ser necesario, o responsable do gasto ou o responsable da súa xustificación acreditarán a procedencia da imputación do expediente de gasto.

6. Instalacións técnicas e outras instalacións

Tal e como se recolle na Resolución do 17/7/2017, que define a clasificación económica dos gastos dos capítulos II ao VI do orzamento da UDC, enténdese por instalación as unidades complexas de uso especializado que comprenden: edificacións, maquinaria, material, pezas ou elementos, incluídos os sistemas informáticos que, malia pola súa natureza seren separables, están ligados dun xeito definitivo para o seu funcionamento.

As melloras e novas instalacións nos edificios imputaranse á económica 623.00 “Instalacións”. A súa alta en inventario debe asociarse á conta contable 2.1.5 “Instalacións técnicas e outras instalacións”. Subconta: 2.1.5.1

Ao concepto 623.04 imputaranse aquelas actuacións relacionadas con medidas de eficiencia enerxética e coa utilización de enerxías renovables, cun menor impacto ambiental. A súa alta en inventario debe asociarse á conta contable 2.1.5 “Instalacións técnicas e outras instalacións”. Subconta: 2.1.5.2

Todas estas adquisicións deben ter carácter inventariable, conforme os criterios establecidos na Resolución do 17/7/2017. A vida útil que corresponda en cada caso é a que se recolle nas táboas de inventario.

Código Seguro De Verificación	eCYSFKu7UclkiBJ31+qGGA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2018 10:23:27
Observacións		Páxina	2/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eCYSFKu7UclkiBJ31+qGGA==		



7. Adquisición de maquinaria e utensilios

Agruparanse en función da súa natureza de acordo cos criterios establecidos na Resolución do 17/7/2017. Caso de ser necesario e co fin de poder coñecer o importe unitario de cada adquisición será necesario solicitar ao provedor que detalle na factura o valor de cada un dos elementos independentes que se adquiren.

- a. Maquinaria.** Adquisición das máquinas con que se faga a extracción, a elaboración ou o tratamento dos produtos que se empregan para a prestación de servizos que son necesarios para o desenvolvemento de actividades produtivas da UDC.

Inclúense aqueles elementos de transporte interno que se destinan ao traslado de persoal, materiais ou mercadorías dentro da propia UDC, en talleres etc. sen saír ao exterior.

Imputaranse á económica 623.01. Alta en inventario, conta contable 2.1.4 “Maquinaria e utensilios”. Subconta: 2.1.4.1

- b. Utensilios.** Compra de utensilios ou ferramentas que se poidan empregar de xeito autónomo ou xunto con maquinaria, incluídos os moldes ou modelos.

Imputaranse á económica 623.02. Alta en inventario, conta contable 2.1.4 “Maquinaria e utensilios”. Subconta: 2.1.4.2

- c. Equipamento científico e de laboratorio.**

Imputarase á económica 623.03. Alta en inventario, conta contable 2.1.4 “Maquinaria e utensilios”. Subconta: 2.1.4.3

En caso de ser necesario o investigador responsable da adquisición proporcionará a información necesaria para a alta en inventario do ben.

O instrumental de laboratorio procederá a inventariarse cando reúna as condicións establecidas na normativa de inventario.

Todas estas adquisicións deben ter carácter inventariable, conforme cos criterios establecidos na Resolución do 17/7/2017. A vida útil que corresponda en cada caso e a que se recolle nas táboas de inventario.

8. Adquisición de software

Financiarase con cargo ao capítulo II do orzamento de gastos “Gastos correntes en bens e servizos”

- **Económica 209.01** - Licenzas de software
 - O dereito de uso de licenzas de software inferior a un exercicio económico
 - O dereito de uso de licenzas de software adquiridas por renovación anual
- **Económica 216** - Equipos para procesamento da información
 - Gastos derivados do mantemento ou actualización das aplicacións informáticas
- **Económica 220.02** - Material informático non inventariable
 - A adquisición de paquetes estándar de software
 - A compra de software inferior a 300,00 €

Código Seguro De Verificación	eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2018 10:23:27
Observacións		Páxina	3/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==		



Financiarase con cargo ao capítulo VI do orzamento de gastos “Investimentos reais”

- **Económica: 640.07** - Licenzas de software. Alta en inventario, conta contable 2.0.6 “Aplicacións informáticas”
 - A adquisición en propiedade de aplicacións informáticas por un importe igual ou superior a 300,00 € (amortización por conta contable)
 - O dereito de uso de aplicacións informáticas superior a un exercicio económico e cuxo valor total sexa igual ou superior a 300,00 € (efectuarase a amortización manual, polos anos de uso da licenza)

9. Melloras

Os elementos dun aparato, utensilio ou equipo xa inventariado, que se adquiren para mellorar o seu funcionamento ou alongar a súa vida útil, rexistraranse no inventario como “mellora” do equipo, utensilio ou aparato que corresponda. Procederase ao seu inventario sempre que reúna os criterios da normativa de inventario (vida útil superior a un exercicio económico e custo igual ou superior a 300,00)

10. Modificación das normas de inventario

Esta resolución modifica a Instrución do 3/2006 para a xestión do inventario da Universidade da Coruña do 2/8/2006.

11. Disposicións da Xerencia

No ámbito das súas competencias, a Xerencia poderá ditar as instrucións que correspondan para o desenvolvemento e execución desta resolución.

12. Publicación

Esta resolución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC

A presente resolución entrará en vigor o día da súa publicación. Pola necesidade de adecuar as normas de inventario aos criterios de imputación económica recollidos na Resolución do 17/7/2017, esta resolución terá efectos do 1/1/2018.

Os expedientes de gasto que no exercicio 2018 foran fiscalizados/contabilizados por RR do 31/5/2018 asociaranse á conta contable de inventario que corresponda conforme cos criterios establecidos nesta resolución.

A Coruña, 19 de decembro de 2018

O xerente

Ramón del Valle López

Código Seguro De Verificación	eCYSFKu7UclkiBJ31+qGGA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2018 10:23:27
Observacións		Páxina	4/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eCYSFKu7UclkiBJ31+qGGA==		



Contas e subcontas contables (PXCP 2010)
20 Inmobilizacións intangibles

- 200** Investimento en investigación
- 201** Investimento en desenvolvemento
- 203** Propiedade industrial e intelectual
- 206** Aplicacións informáticas
 - 2.0.6.1 Adquisición de software
- 207** Investimento sobre activos utilizados en réxime de arrendamento ou cedidos
- 209** Outro inmovilizado intangible

21 Inmobilizacións materiais

- 210** Terreos e bens naturais
 - 2.1.0.1 Terreos
- 211** Construcións
 - 2.1.1.1 Edifícios
 - 2.1.1.2 Instalacións deportivas
 - 2.1.1.3 Edifícios de servizos
- 212** Infraestruturas
- 213** Bens do patrimonio histórico
- 214** Maquinaria e utensilios
 - 2.1.4.1 Maquinaria
 - 2.1.4.2 Utensilios
 - 2.1.4.3 Equipamento científico e de laboratorio
- 215** Instalacións técnicas e outras instalacións
 - 2.1.5.1 Instalacións
 - 2.1.5.2 Equipamento para o plan de eficiencia enerxética
- 216** Moblaxe
 - 2.1.6.1 Equipamento xeral
 - 2.1.6.1.001 Máquinas de oficina
 - 2.1.6.1.004 Electrodomésticos
 - 2.1.6.1.005 Material deportivo
 - 2.1.6.1.999 Outro equipamento xeral
 - 2.1.6.2 Moblaxe
 - 2.1.6.2.001 Mesas
 - 2.1.6.2.002 Cadeiras
 - 2.1.6.2.003 Armarios
 - 2.1.6.2.004 Têxtil
 - 2.1.6.2.999 Outro mobiliario
- 217** Equipos para procesos de información
 - 2.1.7.1 Unidades centrais
 - 2.1.7.2 Periféricos
 - 2.1.7.3 Equipos de luz, son e audiovisuais
 - 2.1.7.4 Telefonía
 - 2.1.7.9 Outros equipos para procesos de información
- 218** Elementos de transporte
 - 2.1.8.1 Furgoneta
 - 2.1.8.2 Turismo
 - 2.1.8.3 Embarcacións
 - 2.1.8.4 Outros elementos de transporte
- 219** Outro inmovilizado material
 - 2.1.9.1 Fondos bibliográficos. Libros

Código Seguro De Verificación	eCYSFKu7UClkiBJ31+qGGA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2018 10:23:27
Observacións		Páxina	5/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eCYSFKu7UClkiBJ31+qGGA==		



CONTAS E SUBCONTAS CONTABLES		SUBCONCEPTOS ECONÓMICOS	
Inmobilizacións intanxibles			
206	Aplicacións informáticas		
2.0.6.1	Adquisición de software	640.07	Licenzas de software
Inmobilizacións materiais			
210	Terreos e bens naturais		
2.1.0.1	Terreos	610.00	Investimento en terreos
211	Construcións		
2.1.1.1	Edificios	622.00	Edificios e outras construcións
2.1.1.2	Instalacións deportivas	622.00	Edificios e outras construcións
2.1.1.3	Edificios de servizos	622.00	Edificios e outras construcións
214	Maquinaria e utensilios		
2.1.4.1	Maquinaria	623.01	Maquinaria
2.1.4.2	Utensilios	623.02	Utensilios
2.1.4.3	Equipamento científico e de laboratorio	623.03	Equipamento científico e de laboratorio
215	Instalacións técnicas e outras instalacións		
2.1.5.1	Instalacións	623.00	Instalacións
2.1.5.2	Equipamento para o plan de eficiencia enerxética	623.04	Actuacións do plan de eficiencia enerxética
216	Moblaxe		
2.1.6.1	Equipamento xeral	625.00	Mobiliario e avíos
2.1.6.2	Moblaxe	625.00	Mobiliario e avíos
217	Equipos para procesos de información		
2.1.7.1	Unidades centrais	626.00	Sistemas para procesos de información
2.1.7.2	Periféricos	626.00	Sistemas para procesos de información
2.1.7.3	Equipos de luz, son e audiovisuais	626.00	Sistemas para procesos de información
2.1.7.4	Telefonía	626.00	Sistemas para procesos de información
2.1.7.9	Outros equipos para procesos de información	626.00	Sistemas para procesos de información
218	Elementos de transporte		
2.1.8.1	Furgoneta	624.00	Elementos de transporte
2.1.8.2	Turismo	624.00	Elementos de transporte
2.1.8.3	Embarcacións	624.00	Elementos de transporte
2.1.8.4	Outros elementos de transporte	624.00	Elementos de transporte
219	Outro inmovilizado material		
2.19.1	Fondos bibliográficos. Libros	628.00	Adquisición de fondos bibliográficos e documentais

Código Seguro De Verificación	eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2018 10:23:27
Observacións		Páxina	6/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==		



Actualización do apartado 2.1 – Material inventariable da Instrución 3/2006 para a xestión de inventario
BENS MOBLES INVENTARIABLES

Os bens mobles de natureza inventariable adquiriranse con cargo ao Capítulo VI “Investimentos reais”

Será inventariable aquel ben moble non funxible, que cumpra os dous requisitos que se indican:

- Que a súa vida útil sexa superior a un exercicio económico.
- Que o seu custo de adquisición sexa igual ou superior a 300,00 € (incluídos impostos, transportes, seguros e gastos de instalación).

Non obstante, con independencia do seu valor, incluíranse en inventario os seguintes bens mobles:

1. Moblaxe

- Mesas
- Cadeiras
- Caixóns
- Armarios/estantes non encaixados
- Arquivadores

Conta contable	Subconcepto económico
2.1.6	625.00

2. Electrodomésticos

- Fornos
- Microondas
- Frigoríficos

Para uso xeral		Para uso en laboratorios	
Conta contable	Subconcepto económico	Conta contable	Subconcepto económico
2.1.6	625.00	2.1.4.3	623.03

Código Seguro De Verificación	eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2018 10:23:27
Observacións		Páxina	7/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==		



3. Material deportivo

- Canastras de baloncesto
- Porterías
- Escadas para xuíces
- Postes de voleibol, tenis e bádminton
- Rocódromo de escalada
- Saltómetros de altura, pértega
- Marcadores electrónicos
- Material de atletismo (obstáculos, tacos de saída, marcadores)
- Máquinas de musculación e de cardio
- Mesas de tenis de mesa
- Bicicletas
- Colchonetas de gran volume
- Embarcacións
- Táboas de *paddle surf* e *windsurf*
- Kayaks
- Podio
- Padiolas
- Pulsómetro
- Toldos

Conta contable	Subconcepto económico
2.1.6.1.005	625.00

Código Seguro De Verificación	eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2018 10:23:27
Observacións		Páxina	8/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==		



4. Equipos para procesos de información

- Ordenadores de sobremesa (o seu valor incluíra o prezo do rato e do teclado)
- Ordenadores portátiles
- Monitores
- Escáner
- Lectores ópticos
- Impresoras
- Equipos multifunción (copia, impresión, escaneamento e fax)
- Tabletás
- Proxectores
- Televisores
- Cámaras de vídeo e fotográficas
- Equipos de reprodución de audio e vídeo
- Equipos de videoconferencia

Conta contable	Subconcepto económico
2.1.7	626.00

Código Seguro De Verificación	eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2018 10:23:27
Observacións		Páxina	9/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==		



BENS MOBLES NON INVENTARIABLES

Os bens mobles non susceptibles de ser inventariados, ben por non alcanzaren a contía mínima inventariable ben por non cumpriren os demais requisitos, serán adquiridos con cargo ao **Capítulo II “Gastos correntes en bens e servizos”**.

A adquisición de material de uso funxible, para efectuar probas ou ensaios especializados, non será inventariable, independentemente do seu custo. Neste caso deberá constar no expediente de gasto un informe do/a responsable da partida que acredite o carácter funxible da/s subministración/s.

Subconcepto económico: 220.02 – Material informático non inventariable

- Adaptadores, cargadores, alimentadores
- Altosfalantes
- Auriculares
- Baterías portátiles ou internas
- Discos duros (internos ou externos)
- Placa base
- Memoria RAM
- Tarxetas de son, vídeo e gráficas
- Tarxetas de memoria
- Conversor
- Conectores
- Fonte de alimentación interna
- Ventiladores
- Memoria USB
- Lectores de tarxeta
- Fundas de tableta
- Elementos de gravación (CD, DVD...)
- Maletín do portátil
- Micrófonos
- Rato
- SAI
- Teclado

Código Seguro De Verificación	eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente Ramón Alberto Del Valle López		Asinado	20/12/2018 10:23:27
Observacións			Páxina	10/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==			



- Cámara web
- Encamiñador

Subconcepto económico: 221.08 – Material deportivo e cultural
--

- Balóns
- Colchoneta de espuma
- Redes
- Bandeirola de córner
- Rede gaiola de lanzamentos
- Material de escalada (arneses, cordas, mosquetóns, descendedores, cascos)
- Pesos libres (barras, discos, pesas, kettlebell)
- Gomas
- *Bosus*
- Cordas, obstáculos, escadas de coordinación
- TRX
- Baloneiras
- *Fitball*
- *Steps*
- Bombas de aire
- Equipacións deportivas de xogo

Subconcepto económico: 221.13 – Pequeno equipamento non inventariable
--

- Material de oficina: grampadoras, destrutoras, tesoiras, papeleiras, lámpadas, percheiros, taboleiros, carros movibles de carpetas colgantes, calculadoras de peto, pequenas etiquetadoras tipo Dymo e, en xeral, o material de oficina pequeno e común.
- Material de laboratorio: de vidro (probetas, matraces...) e incluso pequenas montaxes construídas a partir de compoñentes soltos para realizar prácticas. En calquera caso, non é inventariable o material desbotable independentemente do seu prezo.
- Material de reposto de máquinas, instalacións e equipos: cables de instalación eléctrica, enchufes, caixas de distribución, tomas de voz e datos, farois, lámpadas.
- Instrumentos pequenos de uso sanitario
- As ferramentas de uso individual: desaparafusadores, alacates, martelo e semellantes
- Alfombras, cortinas, persianas e similares
- Lámpadas fixas de teito ou de parede

Código Seguro De Verificación	eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2018 10:23:27
Observacións		Páxina	11/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==		



- Outros elementos como radiadores, secadores de man, testos exteriores, ventiladores, micrófonos, encerados e semellantes.

Adquisicións de bens mobles non susceptibles de seren inventariados, financiados con cargo ao artigo 64 “Gastos en investimentos de carácter inmaterial”, para proxectos, convenios, contratos e fondos de investigación.

A adquisición de elementos non inventariables que se detallan no apartado “Bens mobles non inventariables”, imputaranse á económica que corresponda do artigo 64.

Código Seguro De Verificación	eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2018 10:23:27
Observacións		Páxina	12/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eCYSFKu7UC1kiBJ31+qGGA==		

